

CONTIDOS MÍNIMOS E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DE GREGO 2º BACHARELATO

1. CONTIDOS MÍNIMOS ESIXÍBEIS

- A lingua grega.
- Revisión da flexión nominal e pronominal. Formas menos usuais e irregulares.
- Revisión da flexión verbal regular. Verbos irregulares e defectivos. Formas nominais do verbo.
- Afondamento no estudo da sintaxe casual.
- A oración composta. A subordinación: substantiva, adxectiva e adverbial; uso das partículas subordinantes máis frecuentes. Construcións de participio e de infinitivo.
- Os textos gregos e a súa interpretación.
- Interpretación crítica e tradución de textos. A exactitude na expresión lingüística.
- Afondamento na lectura comprensiva e tradución de textos gregos achegándose ao seu contexto social, cultural e histórico.
- Lectura e comentario de obras e fragmentos gregos traducidos relacionados cos diversos xéneros literarios asimilando as súas características formais. O léxico grego e a súa evolución.
- Formación de palabras gregas. Composición e derivación. Compoñentes etimolóxicos no léxico das linguas romances.
- Vocabulario específico de orixe grecolatina.
- Grecia e o seu legado.
- A literatura grega e os xéneros literarios: a historiografía, a oratoria, a poesía épica, a lírica e o teatro. Influencia da literatura grega na literatura posterior. Os xéneros literarios gregos e a súa influencia nas manifestacións posteriores artísticas e literarias con especial referencia á cultura galega.
- As raíces gregas do noso vida de vida: os valores democráticos.

2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Sobre as cualificacións:

As cualificacións que se reflectan nas avaliacións outorgaranse con números enteiros. Cando a media obtida conteña decimais, consideraranse até as centésimas, de tal modo que se redondearán á baixa as cualificacións con decimais inferiores a 45 centésimas e á alza as restantes. Así, p. ex., unha cualificación de 6,38 redondearase a 6, unha de 6,52 a 7, unha de 6,44 a 6 e unha de 6,45 a 7.

Á hora de avaliar ao alumno terase en conta principalmente o último exame realizado. A nota dos exames anteriores e as notas obtidas polo traballo realizado en clase matizarán a nota de avaliación.

A nota final que cada alumno obteña será a media das cualificacións obtidas en cada avaliación.

Caso de ser negativa esa nota final realizarase unha proba global obrigatoria antes da avaliación final, co fin de ofrecer unha posibilidade de recuperar a materia. Dita proba versará sobre todos os aspectos da materia explicados até o momento. Se o alumno non alcanza nesta proba a cualificación mínima de 4,45 cualificaráselle negativamente coa cualificación final obtida no curso. Caso de superar a dicir proba (4,45 ou máis), a cualificación final será a media resultante da cualificación obtida na proba e 5.

A esta proba final poderán presentarse voluntariamente a subir nota alumnos con avaliación positiva. Caso de que a nota obtida nesta proba fose inferior á media positiva xa alcanzada, non se terá en consideración a cualificación obtida na proba global; no caso de obter unha cualificación superior, a cualificación final será a media resultante da cualificación positiva xa obtida no curso e a cualificación obtida na proba.

Penalizarase a cada alumnos con 0,1 puntos por cada falta ortográfica nos traballos escritos.